

En Vigo, a día 24 de outubro de 2018, no salón de actos do IME, Camiño do Chouzo 2, sendo as 18:30 horas, réunese en segunda convocatoria a Asemblea xeral con carácter ordinario, dos membros asociados de Foanpas e os seguintes membros da Xunta Directiva:

Presidenta: M^a del Carmen Rivas Corbacho
Vicepresidenta: Belén Fernández Covelo
Secretaria: Elena Rodríguez Carracedo
Vogais colaboradoras: Dolores Fernández Fernández
Bertila Fernández Pérez

Coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta anterior se procede.
 2. Estado e aprobación das contas 2017-2018
 3. Memoria 2017-2018
 4. Informe comedores 2017-2018
 5. Proxectos de traballo 2018-2019
 6. Convivencia.
 7. Rogos e preguntas.
-
1. Lectura e aprobación da acta anterior se procede. Dáse lectura as actas anteriores e apróbanse por unanimidade.
 2. Estado e aprobación das contas 2017-2018. Faise unha exposición das contas. Explícanse os gastos diversos que son aqueles que non entran en ningún concepto previsto, como son as colaboracións en trofeos, o gasto do toldo, etc. As anpas seleccionadas por sorteo auditan as contas. Este ano tocoulles ao Mosteiro, Emilia Pardo Bazán e ao Chouzo, non atopando ningunha irregularidade. Apróbanse as contas por unanimidade.
 3. Memoria 2017-2018. Lense algúns parágrafos da memoria para mostrar o traballo de forma xeral. Especificase de que se enviou por correo.
 4. Informe comedores 2017-2018. A rede de comedores de Foanpas consta de 25 comedores este ano, xa que dous saíron, o Castelao e o Vicente Risco. Os destinatarios do servizo son os rapaces de infantil e primaria, tendo arredor de 2100 comensais diarios. A comisión de comedores está nestes momentos formada por seis persoas aínda que tan só pertencen a tres centros. Polo xeral réunense unha vez por mes, aínda que este ano están a ter as reunións unha vez por semana para poñerse ao día as persoas novas. As enquisas aos rapaces foron moi positivas. As datas que se celebran nos comedores son o Día mundial da Diabete e o Día do Celíaco. Fanse tamén xornadas especiais como a presentación do iogur Xanceda. Por último exponse a solución da sanción a Arume, que en parte investiuse nos iogures Xanceda como resarcimento de dano. Na segunda parte do informe exponse o protocolo de convivencia dos comedores. Traballarase nun protocolo xeral que cada anpa poderá adaptar

as súas condicións particulares. A comisión de convivencia ten a súa labor relevante dentro dos comedores, facendo reunións informativas con Arume, así como reunións das partes se houberse conflitos. Por outra banda enviouse aos centros as funcións da técnica de comedores Pilar Ramos, e se enviará ás anpas.

Séguese a traballar para que a administración asuma os comedores pero baixo outro decreto que garanta o seguimento, a calidade do servizo, e a convivencia.

5. Proxectos de traballo 2018-2019. Entréganse ás anpas asistentes os proxectos previstos e dáse lectura. Faise unha precisión sobre a LOPD que quedou pendente despois de ser aprobada, a expensas doutros orzamentos, pero que hai que retomar.
6. Convivencia. Bertila Fernández coordinadora da Comisión de Convivencia expón neste punto o traballo que se fai e indica que desde esta comisión se coordina a todas as demais comisións, facendo fincapé na comisión NEAE como referente de traballo e continuidade. Falase das xornadas da escola inclusiva, e da necesidade de cambiar o plantexamento, xa que a escola é de todos e todas. A inclusión implicaría que hai quen está excluído, e é o que temos que cambiar pois non teñen que pedir permiso para entrar, non hai que incluílos, xa son parte do grupo.
A convivencia é global e hai que tela en conta. Nos centros, a comisión de convivencia ten que funcionar, ten que ser unha ferramenta, non de castigo, non sancionadora se non preventiva.
7. Rogos e preguntas.
Non hai.

Remata a asemblea ás 19:30 horas do 24 de outubro de 2018.